

RESOLUCIÓN REITORAL DE 28 DE NOVEMBRO DE 2011 POLA QUE PUBLICA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PARTICIPAR NO CURSO INTENSIVO (IP): SISTEMAS XURÍDICOS E DEREITOS DOS INMIGRANTES NA UE: TRADUCIR E INTERPRETAR NA DIVERSIDADE, QUE TERÁ LUGAR EN BUCAREST, ROMANÍA, EN XANEIRO E FEBREIRO DE 2012.

O Departamento de Tradución e Lingüística da Universidade de Vigo colabora no marco do programa Erasmus coa Universidade de Bretagne Sud (Francia). Unha das actividades en colaboración con esta universidade é a coorganización xunto coas universidades de:

Hochschule Magdeburg-Stendal (FH), Alemaña  
Universidade de Bohême du Sud, České Budějovice, Rep. Checa  
Universitatea Tehnica de Constructii Bucaresti, Romania  
Ventspils Augstskola, Letonia  
Instituto Politécnico do Porto - ISCAP, Portugal,

Universidade de Vigo - Registro Xeral
Salida Nº: 201100020525 2011/11/28 ás 21:19:29

coas que tamén hai convenio, dun Programa Intensivo (IP) sobre "Traducir e interpretar na diversidade" para poder realizar traducións e interpretacións dos textos que xeran os devanditos procedementos.

En virtude desta colaboración, esta Reitoría

## RESOLVE:

Publicar unha convocatoria de 5 axudas destinadas ao estudiantado da Facultade de Filoxía e Tradución do campus de Vigo, do 5º ano da Licenciatura en Tradución e Interpretación, así como a estudiantado do último curso da Licenciatura de Dereito (Campus de Vigo e de Ourense).

## BASES DA CONVOCATORIA

### 1.- Requisitos dos/as solicitantes:

Os requisitos dos/as solicitantes son os seguintes:

- Estar matriculado/a na Universidade de Vigo no curso 2011-12 en 5º ano da Licenciatura en Tradución e Interpretación e/ou 5º curso da Licenciatura en Dereito.
- Ter un nivel avanzado de coñecementos de inglés.
- Ser cidadáns dalgún dos 27 países membros da UE, de Islandia, Liechtenstein e Noruega, ou dun país candidato á adhesión ou posuír o estatuto de residente permanente, de apátrida ou de refugiado en España.

## **2.- Financiamento:**

A Universidade de Vigo financiará con cargo á partida orzamentaría 2011OR1121DERA22801 o custo da viaxe ata un máximo de 450 euros por estudante. A Universidade de Vigo aboalle o custo da viaxe á axencia de viaxes ata un máximo de 450 euros por estudante. A Universitatea Tehnica de Constructii Bucaresti, Romania proporcionará o aloxamento, o almorzo e a comida a cada estudante participante no curso.

## **3.- Duración do curso:**

O curso intensivo terá lugar do 29 de xaneiro ao 11 de febreiro de 2012, en Bucarest, na Universitatea Tehnica de Constructii Bucaresti, Romania.

## **4- Solicitudes e documentación:**

O formulario de solicitude atoparase na páxina web da Oficina de Relacións Internacionais: <http://internacional.uvigo.es>. O/A solicitante deberá cubrir o formulario. Unha vez finalizado o proceso deberá imprimir unha copia que se presentará coa seguinte documentación:

- Fotocopia de documento de identidade.
- Certificación de coñecemento de idiomas para o alumnado de Dereito segundo o punto 5 desta convocatoria.

## **5.- Coñecementos de idiomas:**

Os coñecementos previos do idioma (inglés) para os/as candidatos/as de Dereito poderán acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións (niveis mínimos):

Marco Común Europeo de Referencia: nivel C1  
Cambridge First Certificate  
ALTE: nivel 3  
3º curso aprobado na EOI  
Curso Diplomado Mestre, lingua estranxeira inglés  
Trinity: nivel 6  
TOEFL: nivel medio - mínimo 50% - en calquera modalidade  
IELTS: nivel 5.0  
CERTICAP: nivel 60-74  
Pitman en ESOL: nivel intermedio  
City & Guilds en ESOL: nivel "Communicator"  
CELS: nivel "Vantage" en todas as destrezas

## **6.- Prazo e lugar de presentación de solicitudes:**

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios da Reitoría da Universidade de Vigo e rematará o 2 de decembro de 2011.

A solicitude e mais a documentación presentaranse nos rexistros da Universidade de Vigo ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4 Lei 30/92, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Recibidas as solicitudes, establécese un prazo de 3 días naturais para emendar erros e achegar documentación a partir da publicación da listaxe de admitidos e excluídos.

#### **7.- Selección, resolución e notificación:**

Unha Comisión de avaliación formada polo seguinte persoal procederá a valorar as candidaturas:

- O persoal da Oficina de Relacións Internacionais.
- As coordinadoras en Vigo das actividades do IP, Susana Cruces Colado e Iolanda Galanes Santos.

A valoración das solicitudes realizarase polo expediente académico de acordo co establecido no artigo 5 do R.R. 1125/3002.

Efectuada a valoración, publicarase no taboleiro de anuncios da Reitoría e nos rexistros da Universidade de Vigo a Resolución reitoral pola que se fará pública a listaxe provisoria co nome dos/as seleccionados/as e dos/as suplentes, podendo ser recorrida esta perante o mesmo órgano que a ditou nun prazo de 3 días hábiles. As ditas alegacións serán valoradas, a continuación publicarase a Resolución reitoral coa listaxe definitiva.

#### **8.- Obrigas dos/as seleccionados/as**

Os/As seleccionados/as deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia por escrito na Oficina de Relacións Internacionais nun prazo de 5 días hábiles. As bolsas vacantes seranlles adxudicadas directamente aos/ás suplentes sen que se produzan modificacións nas prazas xa asignadas e aceptadas polos/as solicitantes seleccionados/as. Os/As seleccionados/as deberán contratar un seguro de asistencia en viaxes.

#### **9.- Revogación**

No caso de que non se leve a cabo a estadia ou parte dela, sen causa xustificada, ou non se entregue a documentación solicitada, o/a bolseiro/a deberá devolver o importe da viaxe pagado pola Universidade de Vigo. A Universidade de Vigo reservarase o dereito a reclamar o importe da axuda, polo incumprimento das bases desta norma.

A concesión destas axudas pode ser tamén revogada polos seguintes motivos:

- Incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria.
- Pola perda da condición de universitario/a.
- Ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada.


Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso perante a Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

Así e todo, o/a(s) interesado/a(s) poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou; neste caso non caberá interpor o recurso contencioso administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, segundo o disposto na Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administración Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O REITOR

Por delegación (RR 05/09/2011)

O vicerreitor de Relacións Internacionais

  
Marta L. Fernández Iglesias



Diligencia para facer constar que esta Resolución se publica con esta data no taboleiro desta Universidade. Vigo, 28 de novembro de 2011

A Secretaría do Vicerreitor de Relacións Internacionais  
Henar Quibias Salgado

